

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Adquisición e aprendizaxe do primeiro idioma estranxeiro: Inglés				
Materia	Adquisición e aprendizaxe do primeiro idioma estranxeiro: Inglés			
Código	V01G180V01501			
Titulación	Grao en Linguas Estranxeiras			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	2c
Lingua de impartición	Inglés			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Yáñez Bouza, Nuria			
Profesorado	Veiga Pérez, Celia Yáñez Bouza, Nuria			
Correo-e	nuria.y.b@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descrición xeral	Factores internos e externos na aprendizaxe de linguas. Mecanismos de aprendizaxe. As destrezas lingüísticas e as súas aplicacións.			

Competencias	
Código	
A1	Que as/os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que se atopa a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que as/os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que as/os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que as/os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Fomentar e mellorar a capacidade de comunicación nas linguas de estudo no grao, en diferentes contextos sociais, profesionais e culturais coas/os falantes das devanditas linguas, desenvolvendo as destrezas de comprensión e expresión orais e escritas, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural, incluíndo a defensa dos dereitos fundamentais, de igualdade social, de xénero, raza e orientación sexual, e os valores propios da democracia e a cultura da paz.
B4	Adquirir as ferramentas e técnicas metodolóxicas básicas para o estudo e a análise lingüística e literaria.
B5	Adquirir os coñecementos necesarios para a comprensión, desenvolvemento, análise, avaliación e aproveitamento para o futuro profesional dos recursos lingüísticos e literarios.
B6	Construír argumentos sólidos sobre os temas e textos a estudar, seguindo as convencións académicas, empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos, facendo uso dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente os orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao.
B7	Participar en debates e actividades en grupo, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico, realizando contrastes críticos e respectuosos, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural dos países das diversas linguas estranxeiras, de defensa de dereitos fundamentais, de principios de igualdade e de valores democráticos.
B8	Formular razoamentos críticos a respecto dos campos de estudo lingüístico e literario que conduzan á adquisición dun método sólido de análise lingüística e literaria para alén da mera aproximación subxectiva e intuitiva ás linguas e textos obxecto de estudo.

B9	Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais nas diversas linguas estranxeiras, formulando hipóteses, utilizando unha metodoloxía apropiada para transmitir ideas de xeito eficaz e válido, seguindo as convencións académicas e empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos.
B10	Mostrar coñecemento sobre outras culturas e expresións artísticas e ser competente para sensibilizar as persoas do entorno na apreciación da diversidade, interculturalidade e multiculturalidade. Así mesmo, explorar as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao.
B12	Ser competente para utilizar as novas tecnoloxías como recurso metodolóxico, de investigación, didáctico e de comunicación.
B13	Ampliar o interese polas linguas, a literatura, a cultura, e pola lingüística teórica e aplicada.
C108	Comprender os mecanismos que subxacen á aprendizaxe das linguas estranxeiras.
C109	Adquirir factores internos e externos que interveñen na aprendizaxe propias dunha terceira lingua.
C110	Comprender os mecanismos de interacción existentes entre a primeira, segunda e terceira lingua.
C111	Aplicar os coñecementos adquiridos á realidade social e entender o papel da adquisición de linguas do mundo actual.
C112	Desenvolver a capacidade crítica necesaria para discernir os falsos conceptos existentes na aprendizaxe de linguas.
C113	Fomentar a capacidade de comunicación a través das linguas.
C114	Adquirir as nocións de multilingüismo e plurilingüismo e a súa aplicación á diversidade cultural.
C115	Comprender a diversidade lingüística, as linguas en contacto e as características distintivas do bo aprendiz de linguas.
C116	Desenvolver a aprendizaxe de linguas dentro dos diferentes contextos sociais e culturais.
C149	Familiarizarse coas características de aprendizaxe propias dunha terceira lingua.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Desenvolvemento da aprendizaxe de linguas dentro dos diferentes contextos sociais e culturais	A2 A4	B4 B5 B6 B12 B13	C110 C113 C115
Adquisición das ferramentas necesarias para analizar os factores que interveñen na aprendizaxe de segundas linguas	A3 A4 A5	B9	C108 C109 C112 C115
Comprensión do funcionamento de diferentes sistemas lingüisticos nos sus aspectos formais e conceptuais	A1 A3 A5	B8 B10	C111 C112 C116 C149
Facilitación do proceso de aprendizaxe de linguas estranxeiras	A3 A4	B7 B10	C108 C114 C149
Adquisición dos mecanismos internos comúns a aprendizaxe de linguas e dos elementos diferenciais	A2 A4	B1 B10 B12	C115
Comprender a diversidade lingüística, as linguas en contacto e as características distintivas da boa aprendizaxe de linguas	A1 A2 A3 A4 A5		

Contidos

Tema	
Applied linguistics	Introducing second language acquisition
First Language Acquisition	First language acquisition theories Early childhood learning
FLA vs SLA	L1 and L2 acquisition compared L1 and L2 acquisition order
The linguistics of SLA	Contrastive Analysis Error Analysis Interlanguage Morpheme-order studies The Monitor Model Universal Grammar Functional Approaches Multi-competence

Learner factors	Languages and the brain Biological: Age Cognitive: Intelligence, aptitude, learning styles Experiential: Personality, motivation, attitude
Learning strategies	Types Communication strategies
L2 teaching and learning	Current issues

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	4	0	4
Traballo tutelado	0	35	35
Seminario	24	13	37
Lección maxistral	20	0	20
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	35	37
Presentación	2	15	17

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	Introdución á materia por parte da profesora sobre os contidos temáticos, o funcionamento da materia, orientación sobre a entrega dun traballo 'academic writing' e sobre a presentación oral.
Traballo tutelado	Traballo escrito formal por parte do alumnado sobre unha temática do temario, a acordar coa profesora con antelación.
Seminario	Clases teórico-prácticas sobre o temario da materia, abertas a debate. A profesora poderá solicitar a entrega de exercicios de resposta corta ou longa na aula, sen previo aviso.
Lección maxistral	Exposición por parte da profesora dos contidos da materia, dos seus obxectivos, metodoloxía e sistema de avaliación.

Atención personalizada	
Metodoloxías	**Descrición**
Traballo tutelado	O alumnado contará con atención personalizada en modalidade presencial (despacho da profesora en horario de titorías) e en modalidade virtual (Faitic, correo electrónico). Recoméndase concertar cita previamente.
Probas	**Descrición**
Presentación	O alumnado contará con atención personalizada en modalidade presencial (despacho da profesora en horario de titorías) e en modalidade virtual (Faitic, correo electrónico). Recoméndase concertar cita previamente.

Avaliación					
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Traballo tutelado	Traballo escrito sobre algún dos factores individuales que afectan a aprendizaxe de outras linguas.	45	A1 A2 A4 A5	B1 B4 B5 B6 B8 B9 B10 B12 B13	C108 C109 C110 C111 C112 C115 C116 C149
Exame de preguntas de desenvolvemento	Proba de avaliación escrita sobre os temas tratados no curso. Contará con preguntas tanto teóricas como prácticas.	30	A1 A2 A4 A5	B1 B4 B5 B6 B8 B10 B13	C108 C109 C110 C111 C112 C113 C115 C116 C149
Presentación	Presentacións orais realizadas ao longo do curso.	25	A2 A4	B1 B10	C108 C111

Outros comentarios sobre a Avaliación

1ª edición de actas: avaliación continua

A nota final será a suma das porcentaxes obtidas nas seguintes probas:

- A primeira proba será un exame escrito (30%) realizado ao rematar o tema 5 (a mediados do curso) en horario de aulas.
- A segunda proba será un traballo escrito (45%) que será entregado ao final do curso nunha data acordada co alumnado nas primeiras semanas do curso.
- O 25% da nota restante será unha presentación baseada no traballo escrito e terá lugar en horario de aulas nos últimos días do período lectivo.

A entrega/presentación de tódalas probas é obrigatoria de xeito que o a/o estudante que non asista ao exame escrito ou que non realice a presentación oral, sen entregar un motivo xustificado á profesora, deberá presentarse á proba escrita na segunda convocatoria (xullo).

A nota final será a suma desas tres porcentaxes. Se a nota media final é un suspenso (inferior a 5), a/o estudante deberá presentarse á proba escrita da segunda edición de actas (xullo). Soamente en casos excepcionais, e a discreción da profesora, podería considerarse unha solución alternativa; por exemplo, se a/o estudante ten soamente unha das probas suspensas e a nota desa proba é superior a 4, poderían gardarse as notas das outras dúas probas e poderá repetir a proba suspensa na segunda edición de actas (xullo). A/O estudante que teña dúas probas suspensas deberá repetir a materia completa na segunda edición de actas.

Tanto no exame escrito coma no traballo se terá en conta a **corrección lingüística**, de xeito que a nota poderá baixar ata 3 puntos da nota final por erros graves gramaticais ou léxicos.

O alumnado que non curse a modalidade de avaliación continua deberá avisar ao profesorado acordemente nas dúas primeiras semanas de clase. A realización da primeira proba de avaliación, ben sexa o exame escrito ou a presentación oral, implicará que a/o estudante se acolle á avaliación continua.

1ª edición de actas: avaliación única.

O alumnado que non se acolla á avaliación continua fará un exame de avaliación única con contidos teóricos e prácticos. Este exame computará o 100% da nota final. Terase en conta tanto o contido coma a expresión lingüística, de xeito que a nota poderá baixar ata 3 puntos da nota final por erros gramaticais ou léxicos.

Este exame terá lugar na data marcada no período de exames no calendario aprobado na Xunta da FFT.

2ª edición de actas

A segunda edición de actas (xullo) consistirá nunha única proba cunha serie de cuestións teóricas e problemas para resolver semellantes aos feito na clase. Este exame único final terá lugar no período de exames do mes de xullo, na data oficial aprobada pola Xunta de FFT. Este exame computará coma o 100% da nota e terase en conta tanto o contido coma a expresión lingüística (que poderá baixar ata 3 puntos da nota final).

NOTA. A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un cero nesa proba e un posible suspenso na materia no seu conxunto. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá ao alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Ellis, R., **The study of SLA**, OUP, 1994

Ortega, Lourdes, **Understanding second language acquisition**, Routledge, 2011

Bibliografía Complementaria

Bibliografía complementaria dispoñible en Faitic a comezos do cuadrimestre.,

Recomendacións

Outros comentarios

Recoméndase a lectura dos libros recomendados, a preparación das clases e o estudo continuo da materia.

É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma FAITIC e de estar ao tanto das datas nas que as probas de avaliación teñen lugar.

A avaliación terá en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística.

A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un cero nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.

Para un bo seguimento da materia, recoméndase que o alumnado de programas de intercambio teña mínimo un nivel C1.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===
Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===
* Metodoloxías docentes que se manteñen
 Actividades introductorias: Campus Remoto
 Lección maxistral: Campus Remoto, apuntes en Faitic
 Resolución de problemas e resolución de problemas de forma autónoma: Campus remoto e entrega a través de Faitic

* Metodoloxías docentes que se modifican
Sen modificación

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)
Correo electrónico e titorías no despacho virtual.

* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir
Sen modificación.

* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe
Sen modificación.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===
Sen modificación no número ou porcentaxe de cualificación.
Modificacións no formato de entrega:
 Exame de preguntas de desenvolvemento: Entrega a través de Faitic
 Presentación oral: Campus Remoto ou vídeos compartidos mediante GoogleDrive.

=== MODALIDADE MIXTA ===
Plan de continxencia sobre a modalidade mixta, na que unha parte do estudantado asistirá ás aulas de forma presencial e outra parte seguirá as clases dun modo síncrono (preferentemente) ou asíncrono: o profesorado manterá as metodoloxías, a atención personalizada e os sistemas de avaliación como se indica para a modalidade presencial, adaptando os grupos de estudantes e as quendas para cumprir coa normativa sanitaria que se estableza no seu momento.